



PREGUNTA ORAL SOBRE A SUBSTITUCIÓN DO SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS Á RÚA SAN FRANCISCO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno municipal vai proceder a substitución do sistema de control de accesos á rúa San Francisco. Recoñece o goberno municipal que “na actualidade a cámara instalada para controlar os accesos á rúa San Francisco permanece desconectada, a desconexión se fixo con motivo das obras, pero unha vez rematadas as obras decidiuse non volvela a poñer en funcionamento porque o sistema está a xerar moitos problemas de xestión coas matrículas”

Á vista do exposto, formúlase a seguinte pregunta:

Como é posible que non se previran os problemas de xestión, ou a que circunstancia imprevisible se debeu o fracaso do sistema implantado?; e, así mesmo, ten pensado o Goberno abordar a renovación dos outros mecanismos de control de accesos ao casco histórico?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular